

REVÁLIDAS

3º  
DE  
PRIMARIA

6º  
DE  
PRIMARIA

4º  
DE ESC

2º  
DE BAC

O STEG  
REXEITA  
AS  
REVÁLIDAS  
QUE IMPÓN  
A LOMCE

REVÁLIDA  
DE 3º DE ED.  
PRIMARIA

NON LEVES AO  
TEU FILLO/A  
ESE DÍA AO  
CENTRO





## A LOMCE E AS REVÁLIDAS

Entre as moitas medidas perniciosas que a LOMCE contempla, figuran no artigo 20.3 as chamadas "avaliacións diagnósticas externas", ou sexa, as "reválidas". No presente curso 2014/15 o alumnado que realiza 3º curso de Educación Primaria, de tan só 8 anos de idade, vai ser sometido a unha destas probas.

## POR QUE NOS OPOÑEMOS ÁS REVÁLIDAS?

✓ Porque entran en clara contradición co método da avaliación continua e global.

✓ Porque colocan a tarefa avaliadora en axentes distintos ao profesorado que traballa e convive no día a día nos centros co alumnado que se verá sometido á proba.

✓ Porque supoñen someter a un estrés desnecesario e contraproducente ao alumnado de tan só oito anos de idade e, con el, ao profesorado que lle imparte aulas.

✓ Porque, en base a esas reválidas, preténdese establecer "rankings" de centros (artigo 147.2), isto é, listas de centros "bos", "regulares" e "malos" segundo o resultado das reválidas. Esas listas servirán logo para destinar máis e mellores recursos a uns e privar deses recursos a outros, rompendo a equidade e a igualdade de oportunidades.

✓ Porque, a partir do curso 2015/16, as reválidas comezarán a limitar ademais as opcións de continuación de estudos en niveis superiores para o alumnado que obteña malos resultados nelas: condenarán desde 3º de Primaria a unha parte non pequena do alumnado ao fracaso escolar e á exclusión.

## QUE SE PODE FACER CONTRAS AS REVÁLIDAS NESTE CURSO?

No presente curso 2014/15, a "reválida" de 3º de Primaria terá carácter só "orientativo", polo que carecerá de consecuencias a efectos de expediente, notas finais ou para pasar de curso.

Por iso mesmo, propoñemos que os Claustros e os Consellos Escolares se pronuncien masivamente contra a celebración destas probas, aprobando e facendo públicas resolucións en tal sentido e comunicándollas á Administración.

Paralelamente, facemos un chamamento explícito a pais, nais e/ou titores legais do alumnado de 3º de Primaria a non levar os/as seus/súas fillos/as ao Centro educativo no día en que estea prevista a celebración da reválida, como xeito de amosar o desacordo con esa proba e de reivindicar a súa eliminación.

**NON LEVES AO  
TEU FILLO/A  
ESE DÍA AO  
CENTRO**